

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 27 de maio de 2014 pola que se modifica a Resolución do 8 de maio de 2014 pola que se convoca o Curso de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana en Galicia: métodos, accións, xestión e aplicación do novo Plan 2013-2016.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 93, do 16 de maio de 2014, publicouse a Resolución do 8 de maio de 2014 pola que se convoca o curso de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana en Galicia: métodos, accións, xestión e aplicación do novo Plan 2013-2016.

Co obxecto de facilitar a asistencia a este curso dun maior número de destinatarios e unha vez implantados nas xefaturas territoriais de Ourense e Vigo os medios técnicos necesarios, procédese á modificación, no relativo ao desenvolvemento do curso, da Resolución do 8 de maio de 2013 pola que se convoca o curso de rehabilitación, renovación e rexeneración urbana en Galicia: métodos, accións, xestión e aplicación do novo Plan 2013-2016.

A base 12 de Resolución do 8 de maio queda redactada como segue:

12. Desenvolvemento.

O curso desenvolverase de xeito presencial na EGAP (rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas, Santiago de Compostela) e a través de videoconferencia nas xefaturas territoriais de Ourense (avda. da Habana, 79) e Vigo (Concepción Arenal, 8) da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e terá lugar entre o 10 de xuño e o 23 de xullo en horario de tarde (16.30 a 20.30 horas). As datas concretas poderán consultarse na web da EGAP (<http://egap.xunta.es/fichanova/id/1890>).

O curso terá unha duración de 50 horas, das cales 14 horas serán presenciais na sede da EGAP e as 36 horas restantes poderán seguirse na EGAP ou por videoconferencia nos lugares sinalados no parágrafo anterior.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 2 de xuño.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

